



2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

THE UNIVERSITY OF CHICAGO
DIVISION OF THE PHYSICAL SCIENCES

RESEARCH REPORT

1963

PHYSICS DEPARTMENT

Submitted by: [Name]
Title: [Title]
Advisor: [Name]

Department of Physics

Chicago, Illinois

Chicago, Illinois

Chicago, Illinois

Chicago, Illinois

Chicago, Illinois

Chicago, Illinois

Chicago, Illinois

Chicago, Illinois

Chicago, Illinois

1. En É-Saúde, que tres tipos de información se pode introducir no cartafol persoal?

- A) Diagnósticos, receitas e vacinas.
- B) Medidas, rexistros de saúde e documentos.
- C) Consultas, ingresos e cirurxías.
- D) Vacinas, ingresos e receitas.

2. Cales son os dereitos fundamentais sobre os datos persoais garantidos na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais:

- A) Acceso, universalidade e limitación do tratamento.
- B) Rectificación, oposición e caducidade.
- C) Acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición.
- D) As respostas A e B son correctas.

3. Para a alta no sistema Chave365, cal dos seguintes requisitos é indispensable segundo a súa normativa reguladora?

- A) Dispoñer dunha conta de correo electrónico onde se recibirá unha clave de acceso provisional.
- B) Dispoñer dun número de teléfono móbil no que se recibirá unha clave de acceso provisional.
- C) Ser residente na Comunidade Autónoma de Galicia de forma permanente.
- D) Posuír unha tarxeta sanitaria do Sergas.

4. A cama indicada para pacientes con lesións medulares é:

- A) Traumatolóxica.
- B) Stryker.
- C) Articulada.
- D) Electromagnética.

5. Para un paciente con obesidade mórbida, que cama necesitaríamos?

- A) Cama bariátrica.
- B) Cama de Judet.
- C) Cama electrocircular.
- D) Cama de Sanders.

6. Segundo a normativa reguladora do sistema Chave365, quenes poderán ser usuarios deste mecanismo de identificación e sinatura electrónica?

- A) Exclusivamente as persoas físicas maiores de idade.
- B) As persoas físicas maiores de idade e as persoas menores emancipadas.
- C) Calquera persoa física ou xurídica que conte cun número de identificación fiscal válido.
- D) As persoas físicas maiores de 14 anos que conten co consentimento expreso dos seus representantes legais.

7. En base a ley 31/95, cal NON se considera un principio de acción preventiva?

- A) Evitar riscos.
- B) Evaluar riscos que non se podan evitar.
- C) Adoptar medidas que antepoñan protección individual á colectiva.
- D) Combatir riscos no seu orixe.

8. Que método de codificación NON require a visión directa entre o emisor e o receptor?.

- A) Códigos RFID (radiofrecuencia e identificación) ou códigos QR.
- B) Códigos QR ou tags RFID.
- C) Etiquetas, tarxetas ou tags RFID.
- D) Código de barras ou QR.

9. Para poder atender e comunicarse no Sergas cun paciente con discapacidade auditiva severa e que usa a lingua de signos como único método de comunicación, que programa está habilitado para iso nos ordenadores dos profesionais?

- A) Signal.
- B) SVisual.
- C) CVisual+.
- D) ChatGPT.

10. Que dispositivo médico portátil mide de forma non invasiva a saturación de osíxeno no sangue?

- A) Caudalímetro.
- B) Pulsioxímetro.
- C) Capnógrafo.
- D) Balón de osíxeno.

11. Cal dos seguintes é un dispositivo de almacenamento conectado a rede?

- A) Un servidor NAS.
- B) HDD.
- C) O Blu-ray.
- D) Unidade SSD.

12. Quen valida as solicitudes de material das unidades de consumo?.

- A) Área de compras.
- B) Unidade loxística.
- C) Área de aprovisionamento.
- D) O/A supervisor/a da área de recursos materiais.

13. Para obter o certificado E-AND28, se es traballador ou pensionista na Seguridade Social de España, en que situacións se che concedería?

- A) Se traballas temporalmente en Andorra e necesitas asistencia sanitaria urxente para ti ou os teus familiares.
- B) Se resides e traballas en Andorra por un período non superior aos 2 anos (ou 1 ano se traballas por conta propia).
- C) Se es familiar dun traballador asegurado na Seguridade Social española e residente en Andorra.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

14. Sinale cal das seguintes opcións NON é unha función propia do Administrador de impresión :

- A) Agregar impresoras.
- B) Administrar controladores de impresoras.
- C) Xestionar traballos de impresión.
- D) Editar o contido dun arquivo PDF antes da súa impresión.

15. Segundo a lei 39/2015. Que prazo teñen os interesados para presentar alegacións no trámite de audiencia?

- A) Como máximo 10 días.
- B) Non inferior a 15 días.
- C) Non inferior a 10 días nin superior a 15.
- D) Non inferior a 15 días nin superior a 20.

16. Cal é o prazo de validez da tarxeta sanitaria facilitada aos galegos e galegas residentes no estranxeiro que cumpran as condicións que se establecen no artigo 1 do Decreto 177/1995, do 16 de xuño?

- A) Dous meses e poden prorrogarse por dous meses máis por petición xustificativa do interesado, dentro do período do último ano da solicitude.
- B) Seis meses e poden ser prorrogables por seis meses máis por petición xustificativa do interesado, dentro do período do último ano da solicitude.
- C) Coincidirá coa estancia temporal en Galicia, non podendo exceder de tres meses desde o momento da súa expedición, prorrogable por outros tres, por petición xustificada do interesado, dentro do período do último ano da solicitude.
- D) Unicamente 6 meses e sen prórroga. Debería o interesado ou interesada solicitar a residencia oficial en España, ao superar os 183 días de estancia.

17. Un menor español, beneficiario dun asegurado polo INSS, vai realizar unha viaxe de estudos co seu colexio a Andorra durante unha semana. Que documento lle garantiría a asistencia sanitaria nese país no caso de precisala?

- A) A tarxeta sanitaria europea.
- B) O certificado provisional substitutivo.
- C) O certificado E/AND-11 ou E/AND-111.
- D) O certificado E/AND-28.

18. Unha función do persoal de servizos xerais dentro da área de recepción, atención e información ás persoas usuarias, é:

- A) Execución, baixo as directrices e supervisión procedentes, do programa da tarxeta sanitaria.
- B) Enchido de datos administrativos das persoas usuarias nas follas de asistencia sanitaria e de atención urxente.
- C) Vehicular as follas de asistencia médica e historias clínicas.
- D) Tramitación dos pedidos de material necesario para o servizo da unidade.

19. O persoal de servizos xerais aglutinaría funcións, fundamentalmente das categorías estatutarias de:

- A) Pinche e ordenanza.
- B) Auxiliar da función administrativa e celador.
- C) Telefonista e conserxe.
- D) Técnico auxiliar e limpador.

20. Que tipo de material é un produto higroscópico segundo as esixencias de almacenamento?.

- A) Material perigoso.
- B) Material lábil.
- C) Material estéril.
- D) Material funxible.

21. A ferramenta do Sergas de comunicación coa cidadanía, accesible desde calquera lugar e dispositivo e que permite o acceso a servizos e contidos de saúde personalizados é:

- A) Contacte.
- B) AVATAR.
- C) É-Saúde.
- D) MANSIS.

22. Que función permite ao sistema operativo compartir recursos entre varios programas simultaneamente?

- A) Multitarefa.
- B) Xestión de redactar.
- C) Xestión de memoria virtual.
- D) Xestión de interrupcións.

23. Que significa XIDE?

- A) Xestión Integral de Demandas Específicas.
- B) Xestión Interdisciplinar de Diagnósticos Esenciais.
- C) Xestión Integral da Demanda en Equipo.
- D) Xestión Interna de Datos Estratéxicos.

24. Sinala a definición correcta de TPU:

- A) Un procesador especializado, dedicado a calcular gráficos de forma intensiva.
- B) Un procesador especializado en realizar operacións matemáticas.
- C) Una unidade que interpreta las instrucciones de los programas informáticos.
- D) Un procesador dedicado ao cálculo intensivo de operacións de redes neuronais, usadas en intelixencia artificial.

25. Segundo a lei 41/2002, do 14 de novembro, en qué suposto debe prestarse o consentimento informado por escrito de maneira preceptiva?

- A) En intervencións diagnósticas.
- B) Con carácter xeral en todos os ingresos hospitalarios.
- C) Sempre que o paciente ou o seu representante legal o soliciten.
- D) En procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores.

26. Nun servizo de atención ao público, cal é a primeira acción clave ao recibir a un usuario que chega ao portelo ou mostrador?

- A) Establecer contacto visual, saudar con cortesía e presentarse se é preciso.
- B) Solicitar a documentación completa antes de falar co usuario.
- C) Preguntar directamente que trámite quere facer, sen máis dilación.
- D) Indicarlle que colla número e agarde, sen intercambiar palabra.

27. Segundo a Instrución 09/2018 sobre tarxeta sanitaria ou documento de prestación de asistencia sanitaria "AA", das seguintes opcións, cales serían os pacientes que a poderían solicitar?

- A) Pacientes con enfermidades oncolóxicas.
- B) Pacientes con enfermidades tipo Alzheimer, ELA ou parálise cerebral.
- C) Pacientes con enfermidades respiratorias.
- D) Pacientes con enfermidades cardiolóxicas.

28. Segundo o artigo 144 do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, sobre a duración da obrigaón de cotizar, en que suposto dos seguintes quedaría suspendida?

- A) Durante as situacións de folga e peche patronal.
- B) Na situación de incapacidade temporal, calquera que sexa a súa causa.
- C) Na situación polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- D) En ningunha das anteriores opcións.

29. Dos seguintes equipos de protección individual, cal non se considera un EPI segundo o RD 773/1997?:

- A) Equipos para o rescate de terceiras persoas.
- B) Cascos, orelleiras.
- C) Roupa de traballo ou uniformes destinados especificamente a protexer a saúde ou integridade física do traballador/a.
- D) Roupas ou máscaras en determinados sectores sanitarios.

30. Cal dos seguintes exemplos mostra claramente información sen que se produza comunicación no mesmo momento?

- A) Un cartel informativo na rúa que ninguén está a observar nese momento.
- B) Dúas persoas falando por videoconferencia en tempo real.
- C) Un grupo de estudantes debatendo sobre unha lectura.
- D) Un profesor que explica un tema e fai preguntas ao alumnado na aula.

31. Pódese presentar un recurso contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia dun procedemento administrativo?

- A) Si, un recurso de alzada.
- B) Si, un recurso de reposición.
- C) Non cabe recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento.
- D) Si, un recurso extraordinario de revisión.

32. Cal é a aportación farmacéutica para un menor de idade cun grao de discapacidade recoñecido igual ou maior ao 33 por cento?

- A) TS1 - 0%.
- B) TS2 - 10%.
- C) TS3 - 40%.
- D) TS4 - 50%.

33. Segundo a adaptación do Programa galego de protección social de saúde pública ao Real decreto–lei 7/2018, do 27 de xullo, sobre o acceso universal ao Sistema Nacional de Saúde, un menor estranxeiro non residente en España que solicita a asistencia sanitaria ao amparo do citado RD, cal sería a súa aportación farmacéutica correspondente?

- A) 10%.
- B) 50%.
- C) 40%.
- D) 100%.

34. XIDE non se aplica a:

- A) Consultas espontáneas.
- B) Consultas programadas.
- C) Demandas pediátricas.
- D) Demandas administrativas.

35. Da tarxeta Galicia Saúde Exterior, cal sería o ámbito de aplicación aos accesos ás prestacións sanitarias establecidas no artigo 3 do Decreto 177/1995, do 16 do xuño, que regula a tarxeta sanitaria?

- A) Ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- B) Ámbito territorial de toda España.
- C) Ámbito territorial da Unión Europea.
- D) As opcións a) e c) son correctas.

36. Conforme á Orde do 8 de novembro de 1996, pola que se desenvolven determinadas materias da regulamentación da categoría de persoal de servizos xerais, pode realizar unha xornada inferior á ordinaria este persoal?

- A) Non, sempre debe realizar a xornada ordinaria legalmente establecida.
- B) Si, sempre.
- C) Como excepción, poderán establecerse xornadas inferiores á ordinaria, por razóns de carácter funcional debidamente acreditadas, que deriven da organización e distribución do traballo nalguna unidade.
- D) A Orde do 8 novembro non recolle a xornada laboral.

37. Cal é a principal diferenza entre Internet e unha Intranet en canto á súa accesibilidade?

- A) Internet é unha rede pública accesible para calquera usuario con conexión, mentres que a Intranet é unha rede privada e pechada a unha organización.
- B) Ambas son redes públicas, pero a Intranet require o pago dunha cota mensual.
- C) Non existe diferenza de accesibilidade.
- D) Unha Intranet só se pódese usar se os ordenadores están conectados fisicamente por cable.

38. Unha férula é:

- A) Unha prótese de cadeira.
- B) Un tipo de sonda.
- C) Un instrumento de inmovilización.
- D) Un tipo de exploración.

39. Para iniciar unha nova cita no SIGAP a secuencia correcta é:

- A) Xestión cita – Nova cita – Cita previa.
- B) Cita previa – Xestión cita – Nova cita.
- C) Xestión cita – Cita previa – Nova cita.
- D) Nova cita – Xestión cita – Cita previa.

40. O Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no traballo menciona os distintos tipos de avaliacións de riscos que seguidamente referimos, excepto unha delas. Identifícala:

- A) Avaliación de riscos imposta pola lexislación específica.
- B) Avaliación xeral de riscos.
- C) Avaliación de riscos semestral da aplicación de diversos sistemas técnicos.
- D) Avaliación de riscos que precisa métodos especializados de análise.

41. Para acceder á E-Saúde coa Chave365, esta ten que modificarse no primeiro acceso e:

- A) Como mínimo, cada 6 meses.
- B) Como mínimo, unha vez ao ano.
- C) Non se modifica.
- D) Cada 4 anos.

42. Segundo a Lei 11/2007 galega, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero a violencia vicaria é:

- A) O acoso sexual, que inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual, para si ou para unha terceira persoa, nas que o suxeito activo se prevale dunha situación de superioridade laboral, docente ou análoga.
- B) A trata de mulleres e nenas co fin de explotación sexual.
- C) O homicidio, asasinato ou calquera outra forma de violencia exercida sobre as fillas ou fillos da muller, coa finalidade de causarlle maior dano psicolóxico, por parte de quen sexa ou fose o seu cónxuxe ou por quen mantivo con ela unha relación análoga de afectividade aínda sen convivencia.
- D) A violencia económica.

43. Desde onde se pode pedir cita, a través de internet, para Medicina de familia?

- A) Páxina web do SERGAS.
- B) Plataforma É-Saúde.
- C) Plataforma Sergas Móbil.
- D) Todas son certas.

44. Na Lei Orgánica 3/2018 faise referencia aos principios de protección de datos persoais. Dos relacionados a continuación indique a opción correcta:

- A) O deber de confidencialidade, aplicable unicamente aos/ás responsables e encargados/as do tratamento dos datos.
- B) Os datos serán exactos e se fose necesario actualizados.
- C) O consentimento do/da afectado/a será inequívoco e inespecífico cando os datos a tratar se destinan a unha pluralidade de finalidades.
- D) O consentimento dos/das menores de 16 anos, para a súa licitude, debe constar ademais o do/da titular da patria potestade ou tutela.

45. En informática, unha ruta de arquivo utilízase para:

- A) Para mostrar o nome do arquivo.
- B) Para identificar a localización dun arquivo ou cartafol.
- C) Para mostrar o tipo de arquivo.
- D) Para indicar o tamaño do arquivo.

46. Segundo a lei 41/2002, do 14 de novembro, en qué suposto pode limitarse o dereito do doente a recibir información sanitaria?

- A) Unicamente cando exista risco para a saúde pública.
- B) Por petición expresa das persoas vinculadas a el por razóns familiares ou de feito.
- C) Pola existencia acreditada dun estado de necesidade terapéutica.
- D) A criterio do médico que o asiste, sempre que deixe constancia na historia clínica.

47. Segundo a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, os arquivos que concentran os documentos co obxectivo prioritario de avalialos e de facilitarlles o acceso á información que conteñan tanto á Administración como á cidadanía son:

- A) Os arquivos históricos.
- B) Os arquivos de xestión.
- C) Os arquivos centrais e intermedios.
- D) Os arquivos periféricos.

48. Cal é a finalidade primordial da ofimática no ámbito da xestión administrativa?

- A) A implementación de sistemas de intelixencia artificial para a substitución de tarefas humanas complexas.
- B) A automatización e optimización dos procedementos e tarefas relacionadas co tratamento da información dunha oficina.
- C) O desenvolvemento exclusivo das bases de datos relacionados para o almacenamento masivo de rexistros públicos.
- D) A substitución do soporte papel.

49. O dereito á asistencia psicolóxica para as mulleres que sufran violencia de xénero será:

- A) Gratuito e comprenderá so a atención inicial.
- B) Gratuito a atención inicial e con custe o seguimento do proceso terapéutico.
- C) Gratuito e comprenderá a atención inicial e o seguimento durante todo o proceso terapéutico.
- D) Non será gratuito, nin a atención nin o seguimento do proceso terapéutico.

50. Pode ser substituído un recurso de alzada segundo a lei 39/2015?.

- A) O/A interesado/a ten a facultade de substituír o recurso de alzada respectando o previsto na Lei 39/2015.
- B) As leis deben substituír o dito recurso priorizando o carácter potestativo do/da interesado/a.
- C) As leis poden substituír o recurso de alzada en supostos ou ámbitos sectoriais determinados e cando a especificidade da materia o xustifique. Respectando o previsto na lei 39/2015.
- D) As leis deben substituír o recurso de alzada cando se trate de ámbitos sectoriais determinados ou a especificidade da materia o xustifique. Garantindo os dereitos e os prazos previstos na lei 39/2015.

Preguntas de reserva

51. Indique a causa correcta de inadmisión dun recurso:

- A) Que a súa execución cause perxuizos de difícil ou imposible reparación.
- B) Que o interesado posea lexitimación para presentar o recurso.
- C) Presentar un recurso contra un acto impugnado.
- D) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.

52. Segundo a acción protectora do Sistema da Seguridade Social, cales comprende nas prestacións en especie?

- A) A asistencia sanitaria, prestación farmacéutica e servizos sociais.
- B) O risco durante o embarazo e o cuidado de menores afectados por enfermidade grave.
- C) A xubilación e a incapacidade permanente.
- D) O desemprego e a protección familiar.

53. Un traballador residente en España e empadroadado en Galicia deixou de cotizar polo INSS ao estar traballando en Portugal. Cal é o documento acreditativo de asistencia sanitaria que debe figurar na súa ficha de SIGAP?

- A) A tarxeta sanitaria de Galicia, ao ser residente e empadroadado en Galicia.
- B) A tarxeta sanitaria europea de Portugal, por estar traballando nese país.
- C) O certificado provisional transitorio.
- D) O documento ou formulario europeo S1 de asegurado asinado polo INSS.

54. En É-Saúde, no apartado dos meus tratamentos, en cal dos seguintes podemos habilitar un PIN de confidencialidade:

- A) Tratamento Anticoagulante Oral (TAO).
- B) Resultado de proba de laboratorio.
- C) Folla de medicación activa.
- D) Informes de farmacia.

55. Que tipo de datos se poden introducir nas celas dunha folla de cálculo?

- A) Unicamente valores numéricos.
- B) Valores alfanuméricos (texto), numéricos e fórmulas.
- C) Exclusivamente funcións matemáticas.
- D) Só valores numéricos e fórmulas.

56. Un paciente require atención urxente no día, pero a axenda do profesional non dispón de ocios libres no día actual. Como procedería?

- A) Programaría a cita para outro día sen informar ao paciente.
- B) Utilizaría a opción Forzar Cita para engadir un oco no día actual.
- C) Anularía unha cita existente sen confirmación.
- D) Derivaría automaticamente ao Punto de Atención Continuada.

57. No suposto de que un doente formalice o seu documento de instrucións previas ante tres testemuñas, contando coa firma da súa cónxuxe, o seu irmán e un amigo, reúne o documento os requisitos de validez esixidos pola lei 3/2001, do 28 de maio?

- A) É válido sempre que as testemuñas sexan maiores de idade e con plena capacidade de obrar.
- B) Non é válido, dado que, das tres testemuñas polo menos dúas non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao.
- C) É válido sempre que o documento fose ratificado polo representante do doente ante o Rexistro de instrucións previas.
- D) É válido, xa que ningún ten relación patrimonial co outorgante.

58. Na contorna de LibreOffice Calc, ao utilizar a referencia A\$1 nunha fórmula, que elemento permanecerá invariable ao realizar unha operación de copiado ou arrastre?

- A) A columna.
- B) A fila.
- C) Tanto a columna como a fila.
- D) Ningunha das anteriores, xa que é unha referencia relativa.

59. Necesitamos gardar nunha unidade de almacenamento externo todas as sesións clínicas realizadas no noso Centro de Saúde. A capacidade que necesitamos é sobre 30 xigabytes, de entre as seguintes unidades que se mencionan, cal se adaptaría mellor á nosa tarefa?.

- A) Discos ópticos blue-ray.
- B) O DVD.
- C) O CD-ROM.
- D) O CD-RAM.

60. Si o PSX está usando un dispositivo que utiliza a luz para copiar a información dun documento impreso a un formato dixital para editalo ou envialo. De que periférico se trata?

- A) Dun periférico de entrada, o escáner.
- B) Dun periférico de saída, o escáner.
- C) Dun periférico de entrada/saída, o escáner.
- D) Dun periférico de entrada, o teclado.

61. Ao redactar unha mensaxe de correo electrónico, en cal dos seguintes campos se deben introducir as direccións dos destinatarios para que estes reciban a mensaxe sen que ningún deles poida visualizar as direccións dos demais?

- A) No campo "Para".
- B) No campo "CC".
- C) No campo "CCO".
- D) Ningunha é correcta.

62. Un usuario fai unha achega na aplicación Contacte. Para recibir unha resposta do SERGAS deberá indicar obrigatoriamente:

- A) Un número de teléfono.
- B) Un enderezo postal.
- C) Un correo electrónico.
- D) As achegas non reciben resposta.

63. O SERGAS denega a Juan o acceso a historia clínica do seu pai falecido. Infórmalle que pode presentar un recurso de alzada contra ésta resolución. Que prazo ten Juan para presentar dito recurso?

- A) 3 meses.
- B) 1 mes.
- C) En calquera momento, a partir do día seguinte a haber recibido a notificación.
- D) 6 meses.

64. Nun cartafol hai moitos arquivos e queres seleccionar varios arquivos que non están un xunto a outro. Que debes facer?

- A) Manter pulsada a tecla Ctrl mentres fas clic en cada arquivo.
- B) Manter pulsada a tecla Shift mentres fas clic en cada arquivo.
- C) Manter pulsada a tecla Alt mentres fas clic en cada arquivo.
- D) Manter pulsada a tecla Tab mentres fas clic en cada arquivo.

65. Un cidadán con nacionalidade española residente no estranxeiro, titular dun DNI en vigor, desexa acceder ao seu historial clínico a través da plataforma É-Saúde. Para iso, precisa darse de alta no sistema de identificación e firma Chave365 sen desprazarse fisicamente a unha oficina de rexistro en Galicia. De que opción dispón para tramitar a devandita alta?

- A) Non pode. A alta en Chave365 é obrigatoriamente presencial dirixíndose a calquera dos órganos ou unidades administrativas da Xunta de Galicia que realicen as funcións de rexistro de usuarios Chave365.
- B) Debe acudir ao consulado máis próximo e solicitar alí a clave.
- C) Pode realizar a alta a través da sede electrónica da Xunta utilizando un certificado electrónico recoñecido ou o DNIE.
- D) Solicitar a alta por teléfono ao 012.

66. Si queremos elixir un computador, entre outras características, fixémonos na velocidade do procesador. En que se mide?

- A) En Píxels.
- B) En Xigabits(Gb).
- C) En Hercios, xeralmente expresado en Xigahercios(GHz).
- D) En Kilobytes(Kb).

67. A PET como enfermeiro do centro de saúde, gústalle ter un contacto próximo cos seus pacientes e soe estar a uns 38 cm cando os atende. Como considerarías este tipo de comunicación en canto a súa distancia?

- A) Como profesional usa unha distancia persoal para atender.
- B) Como profesional atende nunha distancia meramente pública.
- C) Como enfermeiro invade o espazo persoal nunha distancia máis íntima.
- D) Como profesional gústalle atender aos pacientes nunha distancia social.

68. Cando unha muller preséntase no centro sen cita, nerviosa e con choro fácil, e di en voz baixa que "na casa as cousas non van ben", ¿que é adecuado facer desde o posto administrativo, respectando o Protocolo de violencia de xénero do Sergas?

- A) Minimizar a súa preocupación para tranquilizala e darlle unha cita para outro día.
- B) Dicirlle que este tipo de problemas non se ven no centro de saúde e remitila directamente á policía.
- C) Facerlle preguntas explícitas e detalladas sobre agresións sexuais ou físicas no mostrador, aínda que haxa máis xente.
- D) Escoitala con respecto, garantir a confidencialidade e informar de que se vai intentar que a vexa canto antes un profesional sanitario, seguindo o procedemento establecido.

69. Durante a súa xornada laboral como enfermeira, Pilar, é consciente da importancia dun bo lavado de mans para previr a transmisión de infeccións. Canto tempo debe empregar na devandita acción?:

- A) Utilizando un produto con preparacións alcohólicas ou xabón e auga, dedicaremos de 40 a 60 segundos.
- B) Para un eficaz resultado, o máis conveniente sería o uso de auga e xabón durante 90 segundos.
- C) Se a hixiene se realiza cunha solución alcohólica, o proceso levaralle de 30 a 40 segundos.
- D) Cando a hixiene é con auga e xabón, empregaremos de 40 a 60 segundos.

70. Un paciente debe visitar ao persoal médico e ao de enfermería para realizar dous actos asistenciais coordinados pero que están en axendas diferentes. Cal é a actuación correcta?

- A) Utilizar cita rápida dúas veces.
- B) Utilizar cita dobre se o acto o permite.
- C) Forzar cita en ámbalas axendas sen coordinación.
- D) Crear unha única cita con dobre derivación.

71. Un usuario acode ao mostrador de atención do seu Centro de Saúde para informarse sobre se podes solicitar a Chave365 en nome doutra persoa. Segundo a normativa reguladora de Chave365, é posible solicitar a alta no sistema en nome doutra persoa mediante unha autorización simple?

- A) Si, sempre que a autorización estea asinada e se acompañese dunha copia do DNI do interesado.
- B) Si, sempre que se trate de familiar de primeiro grao.
- C) Non, salvo que se achegue un poder notarial orixinal, xeral ou específico para a emisión de Chave365.
- D) Non, a alta é un acto personalísimo que require obrigatoriamente a presenza física do interesado.

72. Manuel recibe unha carta da Seguridade Social na cal un dos seus apelidos está mal escrito. Como debería actuar Manuel para que rectifiquen os seus datos?

- A) O afectado llo transmite ao seu centro de saúde para que realicen as xestións oportunas de corrección.
- B) O afectado dirixe unha solicitude á Seguridade Social, na cal indica o apelido erróneo para retificar o erro.
- C) Manuel envía unha solicitude á Seguridade Social indicando o apelido correcto e unha copia da tarxeta sanitaria.
- D) Manuel realiza unha solicitude á Seguridade Social, onde indica o apelido erróneo e a corrección a realizar. Achega o seu D.N.I.

73. Tras o falecemento dun doente, un dos seus fillos solicita acceso á historia clínica. Cal é a actuación correcta?

- A) Facilitar o acceso co consentimento de todos os herdeiros.
- B) Facilitar o acceso, salvo que o falecido o prohibise expresamente.
- C) Facilitar o acceso, só tras acreditar xudicialmente a condición de herdeiro.
- D) Entregar só os informes de alta.

74. Que opción de LibreOffice Writer permite inserir automaticamente o número de páxina nun documento?

- A) Formato, parágrafo.
- B) Inserir, marca de formato.
- C) Inserir, sumario e índice.
- D) Inserir, número de páxina.

75. Como serán os descansos do PSX ao traballar cunha pantalla de visualización durante a súa xornada laboral?

- A) Resultan máis eficaces as pausas curtas e frecuentes que as pausas longas e escasas.
- B) Realízanse cando sobreveña a fatiga.
- C) O descanso debe permitir exercitar a vista para manter os ollos activos.
- D) O tempo das pausas debe ser recuperado aumentando, por exemplo, o ritmo de traballo durante os períodos de actividade.

76. VCD é un paciente con discapacidade auditiva severa que acode ao centro de saúde co seu intérprete de lingua de signos para pedir unha cita médica no mostrador.

- A) Alzamos a voz para que intente escoitarnos mellor.
- B) Dirixímonos ao intérprete para indicarlle os datos da cita e que lle traslade a información ao paciente na lingua de signos.
- C) Dirixímonos directamente ao paciente, sen alzar o ton como se fora outro paciente calquera, explicándolle toda a información da cita. O seu intérprete encargárase da tradución á lingua de signos.
- D) Non lle damos a cita ao non comprender o que nos pide.

77. Se un paciente renuncia ao dereito de ser asistido no seu domicilio, pode o SERGAS esixirlle que deixe constancia diso coa súa firma?

- A) Si, ao estar renunciando a un dereito.
- B) Non, no único caso que se esixe é si presenta unha comunicación ou queixa.
- C) Non, só se solicitará se presenta un recurso.
- D) As administracións públicas non requiren aos interesados o uso obrigatorio de firma.

78. Para xestionar unha alta dun desprazado doutra CCAA de España que visita por primeira vez un centro sanitario de Galicia, de onde podemos baleirar e obter toda a información relativa a súa asistencia sanitaria no aplicativo de tarxeta sanitaria?

- A) Na pestana do INSS.
- B) Na pestana da Tesourería da Seguridade Social.
- C) A través do botón do SNS.
- D) Mediante o botón do Padrón.

79. Lucía quere compartir co seu médico algúns rexistros de saúde gardados no seu cartafol persoal. Cal é a afirmación correcta?

- A) Os profesionais están obrigados a revisar todo o compartido.
- B) Só se poden compartir documentos, non rexistros.
- C) A paciente decide que compartir e convén acordalo, pero o persoal clínico non está obrigado a revisalo.
- D) A paciente non decide que compartir.

80. JS é un cidadán de nacionalidade alemá, trasládanos o seu documento de identidade onde consta o seu nome e un só apelido. Acode por primeira vez a un centro sanitario de Galicia. Como debemos cubrir os datos identificativos do paciente no programa de tarxeta sanitaria?

- A) Primeiro apelido: S, segundo apelido: en branco, nome: J.
- B) Primeiro apelido: S, segundo apelido: ***, nome: J.
- C) Primeiro apelido: S, segundo apelido: ---, nome: J.
- D) Primeiro apelido: S, segundo apelido: xxx, nome: J.

81. Carmen e Juan estaban rexistradas como parella de feito no rexistro da súa CCAA. Juan faleceu, que condicións debe cumprir Carmen para acceder á pensión de viuvez?

- A) Levar como parella de feito 18 meses previo ao falecemento e unha convivencia estable e notoria de polo menos de 4 anos.
- B) Levar como parella de feito 24 meses previo ao falecemento e unha convivencia estable e notoria de polo menos de 4 anos.
- C) Levar como parella de feito 18 meses previo ao falecemento e unha convivencia estable e notoria de polo menos de 5 anos.
- D) Levar como parella de feito 24 meses previo ao falecemento e unha convivencia estable e notoria de polo menos de 5 anos.

82. En base á Lei Orgánica 3/2018, María solicita imaxes e outras probas da súa historia clínica, nun medio distinto ao que o noso organismo ofrece, o que supón ademais un custo desproporcionado. Asume María ese custo?

- A) María pagará a totalidade do custo.
- B) Na dita lei non se recolle que o/a afectado/a teña que asumir custo algún.
- C) María abonará un custo que determinará o/a responsable do tratamento de datos.
- D) María asumirá o exceso de custo que a súa elección implique.

83. Rosa, enfermeira nun centro de saúde de primaria, detecta unha confusión nas unidades de gasas subministradas. Quen é o responsable de comunicar a incidencia ao servizo de subministracións?:

- A) Comunicarao neste caso o coordinador de enfermería ao tratarse de material sanitario.
- B) É responsabilidade sempre do Xefe de servizo.
- C) O persoal responsable de realizar a petición de material: supervisor, coordinador de enfermería, PSX ou auxiliar administrativo da unidade de consumo.
- D) Sería responsabilidade do persoal que transcribe o pedido á aplicación LOGAS ou renova as tarxetas no sistema Kanban.

84. Un usuario selecciona varios arquivos e elixe Enviar a → Cartafol comprimido (zip). Que ocorre?

- A) Os arquivos elimínanse e créase un arquivo comprimido que contén eses arquivos.
- B) Créase un arquivo comprimido que contén eses arquivos deixando intactos os arquivos orixinais.
- C) Os arquivos cambian a súa extensión automaticamente.
- D) Os arquivos cífranse.

85. RCV é un paciente de 68 anos que ten subscrito un convenio especial co Sergas. De acordo co artigo 6 do Real decreto 576/2013, do 26 de xullo, a subscrición do convenio especial de prestación de asistencia sanitaria determinará a obriga de aboar a seguinte contraprestación económica:

- A) Cota mensual de 157 euros.
- B) Cota mensual de 167 euros.
- C) Cota mensual de 60 euros.
- D) Cota mensual de 57 euros.

86. Para engadir un documento escaneado dun paciente á súa historia clínica en IANUS, o tamaño máximo do arquivo permitido é de 1 Megabyte. Cal é o tamaño máximo do arquivo medido en quilobytes?

- A) 512 quilobytes.
- B) 1000 quilobytes.
- C) 2048 quilobytes.
- D) 1024 quilobytes.

87. OMG ten 22 anos e recibe un salario de 1450€ mensuais. Recentemente, por causa dunha enfermidade terminal, falece seu pai que levaba cotizando 25 anos. Segundo o artigo 224 do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (LGSS), ¿que tipo de prestación económica lle correspondería?

- A) Unha pensión de orfandade.
- B) Unha prestación por desemprego.
- C) Unha prestación por supervivencia.
- D) Non lle corresponde ningunha pensión ou prestación por orfandade.

88. O persoal sanitario atópase nunha consulta atendendo a un paciente que perdeu o coñecemento e ao que teñen que facerlle un RCP. Pídenlle ao persoal de servizos xerais que achegue o carro correcto para realizar unha reanimación cardiovascular. Indique de cal se trata:

- A) Carro de medicación.
- B) Carro de paradas.
- C) Carro de instrumental.
- D) Carro de curas.

89. Un usuario pregunta en admisión como pode autorizar o acceso a súa carpeta persoal de saúde en É-Saúde a outro adulto. A información correcta que debe dar o PSX é:

- A) É necesario que tanto a persoa que autoriza como a persoa na que se delega o acceso, firmen o seu consentimento diante dun profesional do SERGAS.
- B) Non é necesario que tanto a persoa que autoriza como a persoa na se que delega o acceso, firmen o seu consentimento diante dun profesional do SERGAS.
- C) En pacientes encamados non se pode realizar este trámite.
- D) Só se pode realizar o trámite no seu Centro de Saúde.

90. Que aplicación usará o PSX para transcribir un pedido de grampas para uso de sutura?

- A) O ser material non funxible, o LOGAS.
- B) O tratarse de material funxible, o LOGAS.
- C) O ser material inventariable, engadímolo ao plan de necesidades.
- D) Ao ser material non inventariable, engadímolo ao plan de necesidades.

91. Un paciente achégase ao mostrador e ao acceder aos seus datos observamos que a icona XPE aparece en amarelo. Que estaría a indicar?

- A) Indica un erro do sistema e debe reiniciarse.
- B) Indica que existe polo menos unha petición pendente que debe xestionarse.
- C) Significa que a cita está anulada.
- D) Indica que o paciente ten pendente unha cita hospitalaria exclusivamente.

92. Se a un paciente con cita dobre de pediatria e enfermería para un acto en concreto se lle anula a cita de pediatria, que sucederá?

- A) Mantense a cita de enfermería.
- B) Anúlase tamén a cita de enfermería.
- C) Convértese nunha cita simple de enfermería.
- D) Non ocorre nada.

93. Necesitamos transferir a un paciente dunha cama a unha padiola. Debido á súa patoloxía actual, o enfermo debe permanecer en posición horizontal, sen poder levantalo. Que método de apoio será o máis adecuado para a súa mobilización, reducindo ao mínimo os cambios posturais e evitando riscos músculo-esqueléticos ao traballador?:

- A) Unha táboa de transferencia en sedestación.
- B) A colocación dun disco brando en horizontal.
- C) O emprego combinado dun cinto e unha táboa de transferencia.
- D) A colocación de bandas de mobilización.

94. Ofrécennos a posibilidade de renovar algúns periféricos do noso Centro de Saúde. Damos a elixir entre varios tipos de ratóns, cada un cun tipo diferente de conexión ao computador. Cal non estaría entre as nosas opcións?

- A) Wifi.
- B) Bluetooth.
- C) Por cable USB.
- D) Por cable Ethernet.

95. Que sucede se incluímos unha dirección de correo no campo "Para" e outras dez no campo "CCO"?

- A) O destinatario do campo "Para" verá que hai outros 10 destinatarios ocultos, pero non as súas direccións.
- B) Os destinatarios do campo "CCO" verán a dirección que aparece no campo "Para".
- C) O sistema dará erro por duplicidade de protocolos.
- D) Ningún destinatario poderá ver a dirección do remitente.

96. Un cidadán acode a un centro de saúde solicitando cita por un problema de saúde novo. Como se clasifica esta situación no XIDE?

- A) Consulta programada.
- B) Cita a demanda iniciada polo paciente.
- C) Proceso de triaxe hospitalario.
- D) Situación fóra da atención primaria.

97. Un usuario achégase ao mostrador do centro de saúde para anular unha cita coa súa médico. Que opción debe empregar o PSX para anular a cita?

- A) A opción Xestión de Dietario
- B) A opción Última Cita Dada
- C) A opción Modo Cita
- D) A y C son correctas

98. PCF é unha paciente á cal se lle recoñeceu un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento por causa de discapacidade auditiva debido a unha hipoacusia. Que tipo de aviso se debe establecer segundo a Instrución 18/20 nos sistemas de información corporativos do SERGAS?

- A) "A058 CIADADÁN/Á CON DISCAPACIDADE SENSORIAL AUDITIVA".
- B) "A038 CIADADÁN/Á CON DISCAPACIDADE SENSORIAL AUDITIVA".
- C) "A024 CIADADÁN/Á CON DISCAPACIDADE SENSORIAL AUDITIVA".
- D) "A054 CIADADÁN/Á CON DISCAPACIDADE SENSORIAL AUDITIVA".

99. Un usuario acode ao mostrador de atención do seu Centro de Saúde solicitando información e xestión para dar de baixa o seu acceso ao sistema de identificación electrónica Chave365. Cando se produce a baixa automática do usuario?

- A) A baixa prodúcese de modo automático ao pasar 1 ano desde o alta e non levar a cabo a renovación do usuario.
- B) A baixa nunca é automática, debe solicitalo o usuario na sede electrónica ou de maneira presencial, en calquera oficina que realice as funcións de rexistro de usuarios de Chave365.
- C) A baixa prodúcese de modo automático ao pasar 4 anos desde o alta e non levar a cabo a renovación do usuario.
- D) A baixa prodúcese de modo automático ao pasar 30 meses (dous anos e medio) desde o alta e non levar a cabo a renovación do usuario.

100. TAN é unha persoa de 28 anos que nunca cotizou á Seguridade Social e vai facer unha viaxe cos amigos e amigas a Holanda durante unha semana. Dada a súa situación, que documento de asistencia sanitaria lle corresponde solicitar no INSS para levar, no caso de precisar asistencia médica?

- A) A súa tarxeta sanitaria do Sergas.
- B) A tarxeta sanitaria europea.
- C) O certificado provisional substitutivo polos días que vai de viaxe.
- D) Un seguro privado de viaxes.

101. O persoal de enfermería solicita que vostede lle achegue o instrumento que serve para medir a presión arterial. Indique cal é o instrumento incorrecto:

- A) Tensiómetro.
- B) Baumanómetro.
- C) Termómetro.
- D) Esfigmomanómetro.

102. LSD é un traballador que se atopa en incapacidade temporal e supera os 365 días nesa situación. ¿Quen é o organismo competente, segundo o artigo 170.2 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, para iniciar un procedemento de cualificación de incapacidade permanente?

- A) Os servizos públicos de saúde.
- B) A Tesourería da Seguridade Social.
- C) A Inspección Médica do Instituto Nacional da Seguridade Social.
- D) Os servizos médicos da mutua laboral do traballador.

103. Nunha situación de posible violencia de xénero detectada no mostrador, cal é a prioridade principal do persoal administrativo do Sergas?

- A) Enfrontarse directamente ao presunto agresor diante da vítima para defender os seus dereitos.
- B) Realizar por conta propia unha entrevista detallada sobre os malos tratos para aforrar tempo ao persoal sanitario.
- C) Ignorar os sinais de alarma, se a muller non pide axuda de maneira explícita.
- D) Garantir a seguridade e confidencialidade da muller, seguindo os protocolos internos e derivando ao persoal sanitario competente.

104. APA é unha paciente de 78 anos que quere pedirlle o formulario para solicitar unha copia da súa historia clínica á área administrativa do seu centro de saúde. Que aspectos debemos ter en conta para comunicarnos correctamente?

- A) Respetar o seu ritmo de expresión e comprensión sen impacientarnos e falar cun ritmo moderado ou lento.
- B) Vocalizar correctamente.
- C) Procuraremos explicar resumidamente a información.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

105. Na contorna de LibreOffice Calc, que funcionalidade permite fixar filas e/ou columnas para que permanezan visibles mentres se navega por distintas áreas da folla de cálculo?

- A) Ancorar encabezados.
- B) Inmobilizar filas e columnas.
- C) Protexer folla.
- D) Bloquear celas.

Preguntas de reserva

106. Se se atopa traballando nun navegador web actualizado e ao tentar envorcar un bloque de texto desde un documento PDF externo cara a un campo de texto da aplicación web utilizando o botón "Pegar" e aparece a seguinte mensaxe de aviso: "O seu navegador non soporta as funcións de cortapapeis, use os accesos por teclado". Cal é a acción correcta para completar a tarefa de envorcado de información?

- A) Reiniciar o navegador e borrar a memoria caché.
- B) Utilizar a combinación de teclas Ctrl + V, tras ter copiado previamente o texto.
- C) Utilizar a combinación de teclas Ctrl + P, tras ter copiado previamente o texto.
- D) Gardar o PDF como arquivo de texto antes de copiar a información.

107. FCB é un paciente que está incluído no coditipo 54_ "Persoas NON Aseguradas/Beneficiarias do INSS". FCB é un menor que ten autismo. Que tipo de tarxeta sanitaria lle corresponde?

- A) A tarxeta sanitaria "AA".
- B) A tarxeta sanitaria europea.
- C) A tarxeta sanitaria do SERGAS en soporte físico de plástico.
- D) Ningunha das opcións anteriores.

108. O persoal médico solicítalle ao PSX citar a un paciente para un rexistro de actividade eléctrica do corazón. Que procedemento solicita citar o médico?

- A) Electrocardiógrafo.
- B) Electrocardiograma.
- C) Electroencefalograma.
- D) Ecografía.

109. María é parte interesada nun procedemento administrativo co SERGAS, o cal lle require unha documentación. Ela procede a presentala electronicamente un domingo. A efectos de computos de prazos e segundo a Lei 39/2015:

- A) Pode presentala en festivo, pero se o seu procedemento ten determinado un cómputo de prazo en días hábiles enténdese realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte agás que unha norma permita expresamente a recepción en día inhábil.
- B) Pode presentala en festivo, pero se o seu procedemento ten determinado un cómputo de prazo en días hábiles enténdese realizado o luns a partir das 10 horas.
- C) Non será correcto o rexistro da documentación de María por ser presentada en día non hábil.
- D) O cómputo de prazos iníciase sempre no momento en que presenta a documentación no rexistro electrónico.

110. ASM traballa no centro de Santiago pero vive e está empadroado en Bertamiráns e quere, por motivos laborais, establecer a súa cota do profesional sanitario de atención primaria en Santiago. Que condicións se aplicarían segundo a Lei 12/2013 de garantías de prestacións sanitarias?

- A) Non pode solicitar o cambio sen estar empadroado en Santiago.
- B) Se realiza o cambio de cota a un centro sanitario de Santiago, este non lle proporcionará a atención sanitaria domiciliaria.
- C) Pode solicitar o cambio, pero deberá acudir ás urxencias en Bertamiráns.
- D) Todas as opcións anteriores son falsas.

